



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de decembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 12 de decembro de dous mil once.

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Solicitud de Don Cesar M. Fernandez Gil en representación do grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia con data RE 7 de decembro de 2011 N° RE 5757, relativo a queixas por parte dos veciños de A Groba en relación ao estado no que se atopa o camiño que une a N-120 coa capela de Santa Lucía.

### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **DONA ANTONIA BARREIRO VILLANUEVA**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa de Atrás s/n, en San Cristovo, con número de rexistro de entrada 3864. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 13.12.2011.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa de Atrás s/n, en San Cristovo, (Ref. Catastral 1547903NG7814N0001TS), a solicitude de **DONA ANTONIA BARREIRO VILLANUEVA**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.- Solicitude de información urbanística interesada por **DONA BÁRBARA GÁNDARA ROJO**, con domicilio a efectos de notificación na Estrada N-120, Edif. Maquiás nº 3, 4º F, en Ribadavia, con número de rexistro de entrada 3905. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 13.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre os lugares sitos en Maquiás nº 40, 42 e 54, en Ribadavia, (Ref. Catastral 0632611NG7803S0001EX, 0632612NG7803S0001SX e 0632621NG7803S0001BX), a solicitude de **DONA BÁRBARA GÁNDARA ROJO**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Ministerio de Economía y Hacienda, Intervención Territorial de Ourense con data RE 15 de decembro de 2011 N° RE 5875, relativa a remisión de informe de control FEIL en relación con los recursos del Fondo recibidos para la financiación del proyecto de obras nº 3668: “ACONDICIONAMIENTO DEL CEMENTERIO DE SAN CRISTOBAL”.
2. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial con data RE 15 de decembro de 2011 N° RE 5878, relativa a outorgamento de subvención para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local.
3. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial con data RE 19 de decembro de 2011 N° RE 5926, relativa a outorgamento de subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, para a realización da obra ou servizo denominado/a “APOIO A OFICINA DE TURISMO (MULLER)”.
4. Comunicación da Deputación de Ourense con data 2 de decembro de 2011 N° RE 5709, relativa a determinación das estradas de titularidade municipal, a asignación de clave e nome, a medición da súa lonxitude e anchos estimativos, indicación do tipo de firme e outros elementos que sexan de interese.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

5. Comunicación da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería y Turismo de Ourense con data RE 15 de decembro de 2011 N° RE 5877, relativa a felicitación de Navidad y Año Nuevo.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION-RATIFICACION DO ACORDO MARCO DA COMISION BILATERAL DE VIVENDA CELEBRADO O 18.11.2011 RELATIVO AS AREAS DE REHABILITACION INTEGRAIS NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2005-208 E PLAN ESTATAL DE VIVENDA E REHABILITACION 2009-2012.-**

Visto o contido de dito acordo e na que do punto segundo só se ten en conta a parte do acordo que afecta a este Concello, concretamente as referias ás Areas e Fases seguintes:

- Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia (Ourense), 8ª Fase-Programa 2007.
- Area de Rehabilitación Integral do Centro Histórico de San Cristovo en Ribadavia (Ourense)- 2ª Fase-Periodo 2009.
- Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia (Ourense), 4ª Fase-Periodo 2009.

Na súa virtude a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Aprobar e ratificar o ACORDO MARCO DA COMISION BILATERAL, celebrada o 18 de novembro de 2011 entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia que actúa a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, tanto na parte dispositiva xeral do mesmo como na concreción do punto segundo no que respecta a acordos previos deste Concello.

### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Outubro, por importe de 1.536 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Novembro, por importe de 1.536



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA  
4º TRIMESTRE DO 2011.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2011, por importe de 41.822,79 euros, tarifa de depuración por importe de 8.057,37 euros, máis 3.982,32 euros de IVE, resultando un total de 53.862,48 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2011, por importe de 17.654,24 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 13.612,68 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 13 de decembro de 2011 e o 15 de febreiro de 2012”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.